

---

# AO LONXE

XOVES 29 XANEIRO 2026

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Raquel Areal, violín

CONVERSANDO CON... Baldur Brönnimann,

Raquel Areal e Voro García

Sala Mozart, 19.45 h

---

# HISTORIAS

REAL  
FILHARMONÍA  
DE GALICIA

2025/26  
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



# PROGRAMA

I.

VORO GARCÍA (1970)

Muffled cry\*

SERGUÉI PROKÓFIEV (1891-1953)

Concerto para violín núm. 2 en sol menor, op. 63

*Allegro moderato*

*Andante assai*

*Allegro; ben marcato*

II.

JEAN SIBELIUS (1865-1957)

Sinfonía núm. 2 en Re maior, op. 43

*Allegretto*

*Andante; ma rubato*

*Vivacissimo*

*Finale: Allegro moderato*

\* Encarga da RFG (Proxecto Cometas). Estrea absoluta

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia, formada por cincuenta músicos, créase no ano 1996 en Santiago de Compostela e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e César Ramos o seu director asistente durante o período 2026/2027. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino  
Adriana Winkler, axuda de concertino  
Anca Smeu \*\*  
Yulia Petrushevskaya  
Ildiko Oltai  
Michal Ryczal  
Ilya Fisher  
Anna Alexandrova  
Elena Rodríguez \*\*\*

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Samira Ajkic  
Gyula Vadaszi  
Irina Gruia  
Helena Sengelow  
Enrique Roca  
Kiyoko Ohashi  
Marie Esther Cooper \*\*\*  
Lia Theotonio \*\*\*

## VIOLAS

Natalia Madison \*  
Ionela Ciobotaru \*\*  
Anne Schlossmacher  
Timur Sadykov  
Josep Ruiz (R)  
Inmaculada Muedra \*\*\*

## VIOLONCELLOS

Millán Abeledo \*  
Carlos García \*\*  
Thomas Piel  
Manuel Lorenzo  
Fabio Arias  
Nicolás Concheiro \*\*\*  
Nicolás Casamayor \*\*\*

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Raquel Miguélez (R)  
Nicolás García \*\*\*

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Carmen Ferreiro (R)

## ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

## CLARINETES

Beatriz López \*  
Vicente López \*\*

## FAGOTS

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*

## TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Xavier Ramón \*\*  
Alfredo Varela \*

## TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*

## TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)  
Juan Luis Novo (R)  
Faustino Núñez (R)

## TUBA

Miguel Franqueiro (R)

## TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus \*

## PERCUSIÓN

Lola Olmo \*\*\*

# BALDUR BRÖNNIMANN

## DIRECTOR

Baldur Brönnimann é un director de orquestra de gran flexibilidade e cunha visión aberta para a creación de programas e a práctica musical. Está profundamente comprometido en facer que a música clásica sexa relevante no século XXI e, con este obxectivo, traballa activamente como comisario de novas obras e como curador de festivais e ciclos. É director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia e da Escola de Altos Estudos Musicais, director do programa Contemporary-Conducting na Lucerne Festival Academy e cofundador do Between Mountains Festival en Suíza, unha celebración de 24 horas de música clásica, ambiental, electrónica e contemporánea, que se lanzou en xullo de 2025.

Dirixiu interpretacións de referencia de obras de compositores como Saariaho, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel, Birtwistle e Zimmermann en festivais como Lucerne, Wien Modern, Darmstadt, Donaueschingen, Grafenegg, Mostly Mozart no Lincoln Center e nos BBC Proms. É tamén altamente valorado por compositores vivos como Chin, Lachenmann e Neuwirth.

Brönnimann actúa regularmente por toda Europa. Na tempada 25/26 destacan os seus debuts co Antwerp Symphony, Philharmonisches Orchester Freiburg e

Musikkollegium Winterthur, así como o seu regreso á WDR Symphony, á Iceland Symphony e á Helsingborg Symphony.

No ámbito operístico, dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, na Komische Oper Berlin e no Teatro Colón de Bos Aires, tanto na produción de La Fura dels Baus como na de Barrie Kosky. Tamén levou á escena *The Death of Klinghoffer* de John Adams na English National Opera, *L'amour de loin* de Saariaho no Bergen Festival e na Ópera de Noruega, e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien. No Teatro Colón tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski, *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann co propio compositor como narrador, así como *Die Soldaten* de Zimmermann. Na tempada 25/26 regresará á English National Opera cunha nova produción de *Angel's Bone* de Du Yun.

En 2023 foi nomeado director titular e director artístico da Real Filharmonía de Galicia e da Escola de Altos Estudos Musicais en Santiago de Compostela. O enfoque das súas tempadas céntrase no apoio a novos músicos, compositores e directores, no fomento dunha interacción máis próxima coas comunidades locais e na creación de novos formatos de concerto destinados a atraer novos públicos.

Anteriormente foi director titular da Basel Sinfonietta (2016–2023), director titular da Orquestra Sinfónica do Porto Casa da Música (2014–2020), director artístico do BIT20 Ensemble, principal agrupación de música contemporánea de Noruega (2011–2015) e director musical da Orquestra Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá (2008–2012).

Nado en Suíza, Brönnimann formouse na City of Basel Music Academy e no Royal Northern College of Music en Manchester, onde posteriormente foi nomeado profesor visitante de dirección orquestral. Actualmente reside en Madrid.

# RAQUEL AREAL VIOLÍN

Formouse na Escola Superior de Música Reina Sofía cos profesores Zakhar Bron e Yuri Volguin e na Hochschule für Musik Hanns Eisler de Berlín co profesor Kolja Blacher. Naceu en Tui (Galicia, España) en 1999. Iniciou os seus estudos musicais na súa cidade natal e en 2011 trasladouse a Portugal, onde continuou a súa formación na Escola Profesional Artística do Vale do Ave (ARTAVE) e na Escola Profesional de Música de Espinho.

Traballa con frecuencia cos mellores directores e solistas do mundo, como Kirill Petrenko, Sir Simon Rattle, Janine Jansen, Daniel Barenboim, Andris Nelsons, Jonas Kaufmann ou Lisa Batiashvili. Preséntase tanto como solista como en formacións de música de cámara e orquestra nas mellores salas de concertos de todo o mundo.

Como solista conta cun amplo repertorio. Recentemente interpretou a *Sinfonía concertante* de Mozart cunha das máis recoñecidas violistas, Nobuko Imai; o *Concerto dobre* de Brahms para violín e violoncello no Auditorio Nacional de Madrid; e o *Concerto* de M. Bruch coa Orquestra da Academia de Música da HKBU (Hong Kong).

Durante a temporada 2025/26 interpretará o *Concerto para violín núm. 2* de S. Prokófiev baixo a batuta de Baldur Brönnimann coa Real Filharmonía de Galicia; o *Concerto para violín e orquestra* de Brahms coa Orquestra

do Algarve; e o *Concerto* de M. Bruch coa Orquestra Sinfónica de la Universidad de Concepción (Chile), entre outros.

Foi gañadora do *Lipinski & Wieniawski Violin International Competition* 2018, entre outros concursos. Foi membro do Cuarteto Óscar Esplá de Asisa, baixo a tutela do profesor Heime Müller, formación coa que recibiu en 2019 e 2020 a Mención ao grupo de cámara máis sobresaínte na categoría de cuartetos de corda. Así mesmo, recibiu o premio da *European Union of Music Competitions for Youth* (EMCY) no Concurso Juventudes Musicales de España, na modalidade de Música de Cámara (2019).

Aos 22 anos obtivo a praza de primeiro violín tutti na Orquestra Nacional de España. Recibiu a bolsa da Fundación Alexander von Humboldt para realizar os seus estudos de máster na *Hochschule für Musik Hanns Eisler* de Berlín no curso 2023/24.

Participou en festivais como o XX Encuentro de Música y Academia de Santander 2021, o Festival Eggenfelden Klassisch Ensemble 2022 (Alemaña), o Festival Pau Casals 2024 (El Vendrell, Cataluña) e o Festival Paax GNP 2024 e 2025 (Cancún, México).

Raquel foi membro da Academia Karajan da Filharmonía de Berlín e desde maio de 2025 é integrante desta prestigiosa orquestra, converténdose na primeira galega en ingresar nesta institución.

# NOTAS AO PROGRAMA AO LONXE

O concerto desta noite da Real Filharmonía leva por título *Ao lonxe* e nel teremos ocasión de escoitar unha nova estrea da serie Cometas, *Muffled Cry* de Voro García, e despois, dúas obras que tiveron relación dalgún xeito cos cambios políticos acaecidos en Rusia no s. XX: o *Concerto núm. 2 para violín en sol menor, op. 63* de Serguéi Prokófiev e a *Sinfonía núm. 2 en Re Maior op. 43* de Jean Sibelius.

En primeiro lugar, a orquestra estreará a breve peza de Voro García. O compositor e director valenciano formouse en trombón, piano, canto, dirección, musicoloxía e composición no Conservatorio Superior da cidade do Turia e é doutor *cum laude* pola Universitat Politècnica de Valencia. Ao longo da súa carreira recibiu diferentes galardóns entre os que destaca o premio Pablo Sorozábal (2001), o primeiro premio do Instituto Nacional de la Juventud (2004), o Luis Morondo (2007), o Matilde Salvador (2007), o Alea III (Boston, 2007), mellor música da XIV Mostra de Cinema Jove de Elche (2011), K-Lidoscopi (2012), ou o Méliès d'argent (2012/13). Entre as institucións que lle encargaron obras podemos sinalar o INAEM, JONDE, Auditorio Nacional, Ministerio de Cultura

Francés, CDMC, IVC, Ensems, Festclásica, Rafel Festival, Festival Mixtur, Spanish Brass ou Ensemble Acosta. Moitos destes traballos serían interpretados posteriormente por importantes agrupacións entre as que cabe salientar o Ensemble Intercontemporain, o Arditti Quartet, Spanish Brass, Orquesta Sinfónica de Castilla y León, Orquesta de València, JONDE, Ensemble del Carnegie Mellon ou as Bandas municipais da Coruña, Barcelona, Bilbao, Palma de Mallorca e Valencia. Na actualidade é profesor de composición no Conservatorio Superior de Música de València e director artístico do Festival Ensems.

A obra que hoxe estrea leva por título *Muffled Cry* «*Fragments de un lamento oculto bajo las capas del tiempo*». García analiza o seu novo traballo sinalando que «algunhas traxedias non terminan no momento en que suceden. O seu eco, amortecido polo medo e a censura, persiste como un berro soterrado na memoria colectiva. *Muffled Cry* nace como unha reflexión sonora sobre esa persistencia silenciosa. Non pretendo narrar un acontecemento, senón evocar a sombra que deixa nos que sobreviven

e nos que lembran. A través do concepto de metáfora obxectiva, os xestos sonoros actúan como pegadas, portadoras dunha memoria latente. Texturas fragmentadas, resonancias apagadas e materiais sonoros deformados configuran unha paisaxe na que se suxiren como unha voz que loita por emerxer dende debaixo da superficie. A peza invita a escoitar o que apenas puido ser dito: un grito non extinguido, enmascarado, que segue latexando baixo a pel do tempo».

A continuación, a brillante violinista galega Raquel Areal –recentemente incorporada á Filharmónica de Berlín– interpretará o *Concerto para violín en sol menor, op. 63* de Serguéi Prokófiev (1891- 1953). O autor ruso naceu en 1891 en Sontsovka (actualmente Ucraína) no seo dunha familia acomodada e culta que lle achegou unha profunda formación e potenciou o seu talento excepcional para a música. En 1904 iniciou os estudos oficiais de piano e composición no Conservatorio de San Petersburgo e nesta etapa educativa tivo bastantes tensións cos seus profesores –entre os que sobresaí Korsakov– xa que pensaba que eran moi conservadores. A súa traxectoria compositiva acostuma dividirse en tres períodos creativos, desenvolvéndose o primeiro e o último na súa patria e a etapa central entre EUA e París, cidade na que se asenta durante varios anos. O arranque

da súa carreira está marcado por un claro antirromanticismo e antisentimentalismo dentro dunha estética moderna que anticipa trazos do Neoclasicismo como plasmou na súa obra máis coñecida: a *Sinfonía Clásica*. En 1918, despois da Revolución Bolxevique do ano anterior, decide abandonar o seu país ata que a situación se calme e estabilice e pasa 18 anos fóra da súa patria (1918-1936), á que volve puntualmente, residindo nestes anos en EUA e en París, como xa sinalamos. Este período intermedio é o máis complexo e experimental e a obra que hoxe escoitaremos é unha das que pecha este ciclo vital. En 1936 volve definitivamente a Rusia, onde residirá ata a súa morte en 1953. Nestes anos retoma a simplicidade melódica e harmónica e intenta equilibrios entre o seu propio gusto e as imposicións do realismo socialista, estilo oficial do réxime soviético, co que mantivo unha relación ambigua (de feito acabaría sufrindo a censura de maneira póstuma, por un decreto emitido por Zhdanov en 1948). Desta época son obras como os ballets *Romeo e Xulieta* ou *A cincenta*; música para películas como *Iván o terrible* ou *Alexander Nevsky* e composicións para actos oficiais.

Prokófiev renovou a técnica do violín nos dous concertos que escribiu para este instrumento nos que impón novas esixencias ao solista. Estas dúas obras

xunto co concerto escrito por Alban Berg, titulado «Á memoria dun anxo» supoñen o cumio deste xénero violinístico no s. XX. O *Concerto para violín en sol menor, op. 63* é o último encargo «occidental» ao compositor, requirimento feito polo violinista francés Robert Soërens. A estrea tivo lugar o 1 de decembro de 1935 en Madrid a cargo de Soërens (quen tivo os dereitos de execución en exclusiva durante un ano) e a Orquesta Sinfónica de Madrid baixo a batuta de Enrique Fernández Arbós. O feito de que a obra se estreara en España fixo que Prokófiev decidise introducir un enxeñoso uso da percusión, incluíndo castañolas e certos adornos e toques hispánicos. A estrutura xeral é en 3 movementos –*Allegro moderato, Andante assai* e *Allegro ben marcato*– e presenta moitas influencias da linguaxe de Chaikovski. Este concerto distánciase 18 anos do primeiro do compositor e presenta un estilo completamente diferente a aquel, cun tempo máis pausado e un menor virtuosismo técnico, un claro predominio do carácter melódico e a ausencia dunha cadencia do solista.

O *Allegro moderato*, estruturado como unha forma sonata, comeza coa solista expoñendo un primeiro tema de carácter meditativo sen acompañamento que logo é repetido por violoncellos e contrabaixos. Seguidamente, o violín toca unha pasaxe

moi técnica mentres a orquestra segue co primeiro tema nun plano secundario ata a chegada do segundo tema, unha especie de cantilena. No desenvolvemento retómanse ideas musicais e a recapitulación é iniciada pola corda grave ao unísono. O movemento finaliza nunha coda na que a solista interpreta acordes, rematando en pizzicato.

O *Andante assai* ten un carácter moito máis luminoso que o primeiro. A solista toca unha bela e brillante melodía sobre as cordas en pizzicato, creándose un interesante xogo rítmico entre ambas partes da textura. Seguidamente, atoparemos un diálogo entre solista e frauta previo á sección central, un *Allegretto* pastoral e animado. Algunhas dobres cordas do violín no rexistro grave preceden á repetición e o movemento remata co tema principal na trompa.

Finalmente, o *Allegro ben marcato*, un rondó no que un tema principal moi rítmico e disonante alterna con outros episodios musicais. Destaca o emprego das castañolas e o final tumultuoso do violín.

A última obra do programa é a *Sinfonía núm. 2 en Re Maior, op. 43* de Jean Sibelius (1865-1957), considerada unha das primeiras obras «políticas» do s. XX, non tanto polas intencións do compositor (quen afirmou que non

había ningún elemento programático), senón por lecturas posteriores que se fixeron e que logo explicaremos. Jean Sibelius naceu en Tavasteus e morreu en Järvenpää, ambas cidades de Finlandia. Inicialmente, o compositor e violinista dirixiu os seus esforzos cara ao dereito, pero axiña se decidiu pola música formándose no Instituto de Música de Helsinki e posteriormente en Berlín e Viena, onde entra en contacto coa música de Schönberg e os seus discípulos. Na década de 1890 consolidou a súa fama e dende 1897 foi apoiado polo goberno de Finlandia como artista nacional ata a súa morte coa asignación dunha pensión vitalicia. Moi cedo converteuse no líder da Escola Nacional Finesa marcando o camiño para unha tradición culta propia despoxada das influencias da tradición xermana. A partir de 1900, Sibelius deuse a coñecer ao público internacional e na súa produción destacan os poemas sinfónicos: *Kullervo*, *En saga*, *O cisne de Tuonela*, *O regreso de Lemminkäinen*; sete sinfonías e o *Concerto para violín*. O compositor foi distanciándose pouco a pouco da tradición académica na que se formou e considerábase a si mesmo moderno por este feito, mentres outros moitos, sobre todo compositores vangardistas como Stravinski, pensaron que o seu estilo era conservador e *kitsch*.

A *Sinfonía núm. 2 en Re Maior*, op. 43 é

a máis coñecida de Sibelius. Foi escrita despois do poema sinfónico *Finlandia* e ao igual que esta obra considerouse como un canto de combate contra o opresor ruso polos fineses e a expresión musical das súas aspiracións nacionalistas. É importante recordar que dende a Idade Media ata 1809, Finlandia estivo baixo dominio sueco e nesa data, despois das guerras napoleónicas pasou a formar parte do Imperio Ruso como gran ducado independente, situación que se prolongaría ata a caída do réxime tsarista coa Revolución de 1917 á que nos referimos liñas atrás. A obra iniciouse entre febreiro e marzo de 1901 durante unhas vacacións do compositor en Rapallo (Italia) pagadas polo seu amigo o barón Axel Carpelan, a quen a dedicou. Nun principio pensou en facer un poema sinfónico sobre o personaxe de Don Xoán, material que logo reciclou na sinfonía. Nesta época, concretamente dende 1899, o tsar Nicolás II aumentou a súa represión e «rusificación» do territorio de Finlandia, o que propiciou un clima que favoreceu as lecturas en clave nacionalista desta peza, chegando a ser nomeada por algúns estudosos como «sinfonía da liberación». A estrea tivo lugar o 8 de marzo de 1902 en Helsinqui xunto con dúas obras do compositor feitas *ad hoc* para esta ocasión: *Impromptu op. 19* e *Abertura en la m JS144*. A sinfonía

é esencialmente romántica e marca o fin dun período creativo de Sibelius, o chamado «romanticismo nacionalista». Algunhas características destacadas son a brevidade dos temas, a predilección por grupos instrumentais non usuais, o emprego da tonalidade de Re M, moi axeitada para o violín, o seu instrumento predilecto, e a presenza dun motivo de 3 notas que percorre toda a obra ( a veces ascendente e outras descendente). A estrutura é en catro movementos que adoptan formas tradicionais (forma sonata primeiro e cuarto, e *scherzo* o terceiro) un pouco modificadas e estendidas: *Allegretto*, *Andante*, *Vivacissimo* e *Finale*.

O *Allegretto* comeza cunha introdución de carácter fragmentado e case improvisado que dá paso ao tema primeiro, unha especie de danza campesiña ou popular. Seguidamente unha longa transición condúcenos ao tema B, grandioso e con certo aire cinematográfico, e finaliza a exposición co motivo inicial. No desenvolvemento o compositor traballa sobre os dous temas da primeira sección, establecendo un diálogo entre eles antes da volta da recapitulación, moito máis abreviada que a primeira sección. A continuación, o *Andante*, un movemento de carácter sombrío e lúgubre que contrasta coa inocencia do primeiro. Iníciase cuns pizzicatos enigmáticos na corda e sobre eles superponse unha

melodía nos fagots (no bosquejo inicial da obra, este tema representaba o encontro de Don Xoán coa morte) que remata nunha especie de sentencia. Na segunda parte do movemento atopamos un tema contrastante con esta escuridade que representaba a salvación. Ambos temas transfórmanse e opóñense ao longo do movemento. O *Vivacissimo* é un impetuoso *Scherzo* que segue a estrutura en tres partes (*Scherzo-Trío-Scherzo*). A sección central, o trío, é introducido polos timbais e nel destaca o papel do óboe. A volta da primeira parte é de carácter variado. Encadeado con este movemento, *attaca* en termos técnicos, comeza o *Finale*. Volve tratarse dunha forma sonata que neste caso consta de catro temas e remata nunha coda onde dominan os instrumentos de metal.

**Carme Tubío Barreira**

---

## PRÓXIMO CONCERTO ILUMINACIÓNS

**XOVES 5 FEBREIRO (18€)**  
**Auditorio de Galicia, 20.30h**

**REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA**

Agata Zajac, directora

Silvia Rozas Ramallal, frauta

- Helena Cánovas Parès: Time painting  
Encarga da RFG (Proxecto Cometas). Estrea absoluta
- Wolfgang Amadeus Mozart: Concerto para frauta  
núm. 1 en Sol maior, KV. 313 (285c)
- Francis Poulenc: Sinfonietta

---

### AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo  
das Nacións, s/n  
15705 Santiago  
de Compostela

### DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979  
981 542 462

### OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

[rfgalicia.org](http://rfgalicia.org)

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

### INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)  
[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

### FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)  
[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

### X

[@CCultura](https://twitter.com/CCultura)

### TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

**FILHARMÓNÍA  
DE GALICIA**

**2025/26**  
30 ANIVERSARIO

**AUDITORIO DE GALICIA**

